



# **nAmorAndo 2019**

## **1º CB Servizos Comerciais**

### **Informe de resultados**

## ÍNDICE

---


|                                       |    |
|---------------------------------------|----|
| 1. Resultados xerais                  | 3  |
| 2. Preguntas realizadas polo alumnado | 15 |
| 3. Conclusións                        | 16 |

*Intervención realizada por Jone Ojeda (Psicóloga G-4682)*


## 1. RESULTADOS DA INTERVENCIÓN NAS AULAS EN ESO

Participaron 14 rapazas e dous rapaces no programa de intervención. Na avaliación inicial con 15 alumnxs e na final 16. A media de idade foi de 16,3 anos.

### Distribución da participación na avaliación pre segundo sexo




## Nivel de estudos da nai e pai. Avaliación pre




Vemos que os participantes pertencen a familias cuxos proxenitores teñen niveis de estudos similares. Existe unha maioría con estudos básicos ou sen estudos, non existindo ningunha persoa que conte con unha licenciatura ou posgra o.

### Porcentaxe de participantes que tiveron, teñen ou non tiveron parella. Pre




### Porcentaxe de participantes que tiveron, teñen ou non tiveron parella. Post




Máis do un 90 % do alumnado ten parella ou xa tivo, aínda que no momento actual non teña.

## Ideas sobre o amor e as relacións de parella. Pre



## Ideas sobre o amor e as relacións de parella. Post



As ideas sobre o amor e ás relacións de parella perpetúanse a través de mitos (entre un 6,7% e un 46,7% do alumnado que os considera verdadeiros), os máis relevantes ó inicio da intervención son (maior ou igual a ún 40%):

- As persoas cambian seus malos comportamentos por amor (46,7% considera que é verdadeira esta afirmación)
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min (46,7%)
- Non hai amor verdadeiro sen sufrimento (40%)

Trala intervención vemos como estes mitos redúcense moito no porcentaxe (indo dende un 0% a ún 37,5% ) que os mostran como verdadeiros, sendo os mais relevantes:

- As persoas cambian seus malos comportamentos por amor (37,5% considera que é verdadeira esta afirmación).
- A outra persoa vaime a proporcionar a felicidade que necesito (31,3%)

Existen dúas ideas que ao finalizar o programa non son valoradas por ningunha persoa como verdadeiras e son:


- Debo entregarme totalmente a otura persoa, postergando e sacrificando o propio
- Se estás namorado/a, non pode gustarte nin sentirte atraída/o por outras persoas

Non podemos abordar as diferenzas estatisticamente significativas existentes segundo sexo nin en función de si tiveron ou non parella porque a mostra é moi pequena.




## Valoración da violencia en parella %. Pre I

■ Non é maltrato  
 ■ Baixa  
 ■ Media  
 ■ Alta  
 ■ É claramente maltrato  
 ■




## Valoración da violencia en parella. Pre II

■ Non é maltrato  
 ■ Baixa  
 ■ Media  
 ■ Alta  
 ■ É claramente maltrato




## Valoración da violencia en parella %. Post I

■ Non é maltrato 
 ■ Baixa 
 ■ Media 
 ■ Alta 
 ■ É claramente maltrato 
 ■



## Valoración da violencia en parella. Post II

■ Non é maltrato  
 ■ Baixa  
 ■ Media  
 ■ Alta  
 ■ É claramente maltrato



A forma de valorar a violencia por parte do alumnado forma parte dun gradiente, na que non existe ningún ítem que sexa valorado ao 100% por todos os alumnos e alumnas como claramente maltrato ó inicio do programa. Os ítems máis valorados como maltrato (por riba ou igual a ún 80%) son:

- Agredir físicamente
- Empurrar ou abofetear no transcurso dunha discusión
- Obligala a ter relacións sexuais sen apetecerlle
- Insultar, humillar e facer calar á outra persoa en público ou privado
- Zarandear habitualmetne a outra persoa cando se discute
- Ridiculizar ou menospreciar teu aspecto físico, teu corpo

Os menos valorados ó inicio da intervención como maltrato son:

- Deixar de falar durante días a túa parella porque fixo algo que non che gustara (60% considera que non é maltrato)
- Deixar habitualmetne á outra persoa coa palabra na boca (33,3% considera que non é maltrato)

Tras realizar a intervención tódolos ítems (salvo un que se mantén igual : ´ridiculizar ou menospreciar teu aspecto físico, teu corpo´ son mellor identificados. Sendo valorado únicamente por toda a clase como claramente maltrato a agresión física.... Os ítems que teñen unha melloría moi notoria ao finalizar o programa son os seguintes:

- Facer xestos de desprecio, cando fas/dis algo que non lle gusta. Aumentou un 53,4% as persoas que o identifican como claramente maltrato
- Enfadarse se saes con amigos/as e quererte so para él (46,7 % máis)
- Controlar o diñeiro e exixir contas de gastos máis insignificantes (28,8% máis)
- Controlar as túas pertencencias, chamadas de móvil, querer sabelo todo (26,7% máis)
- Agresividade ou dano no xogo amoroso ou sexual (23,3% máis)



Os ítems menos asociados ao maltrato, continúan a ser os mesmos, habendo reducido a porcentaxe que non o considera maltrato:

- Deixar habitualmetne á outra persoa coa palabra na boca (18,8%)
- Deixar de falar durante días a túa parella porque fixo algo que non che gustara (12,5% considera que non é maltrato)

Non podemos valorar as diferenzas estatísticamente significativas en función do sexo e de si tiveron ou non parella, debido a baixa mostra de alumnxs.

## 2. PREGUNTAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

O alumnado de FP non realiza ningunha pregunta na avaliación inicial

### 3. CONCLUSIÓNS

O programa desenvolveuse coas mesmas características que en 2º da ESO, ao longo de 6 semanas. Os 16 alumnos e alumnas cunha media de 16,3 anos foron moi participativxs ao longo das sesións.

Os pais e nais dos e das participantes teñen na maioría estudos básicos, non existindo practicamente diferenzas entre homes e mulleres.

As ideas sobre o amor e as relacións de parella corresponden están basadas en mitos que unha vez máis respaldan a idea do amor romántico. As máis relevantes ó inicio do programa son:

- As persoas cambian seus malos comportamentos por amor
- Nunha parella a outra persoa debe saber todo sobre min
- Non hai amor verdadeiro sen sufrimento

Ao finalizar a intervención, constatamos que lle continúan a dar ao amor a facultade de cambiar os malos comportamentos das persoas, xa que aínda que se reduce esta percepción como certa continúa a ser a máis relevante. Todos os ítems melloran, habendo un que se mantén igual que ó inicio: 'Os meus intereses ou necesidades deben xirar ó redor da miña parella ou ó revés' (93,3% e 93,7% o identifica como falso ó inicio e o final do programa respectivamente)

A forma de valorar a violencia por parte do alumnado forma parte dun gradiente, na que non existe ningún ítem que sexa valorado ao 100% por todos os alumnos e alumnas como claramente maltrato. Ademáis de identificarse de forma moito mellor a violencia física e sexual, aparecen tamén nunha percepción alta de violencia 'Insultar, humillar e facer calar á outra persoa en público ou privado' e 'Ridiculizar ou menospreciar teu aspecto físico, teu corpo'. Este feito sorprendeunos gratamente.



O que menos é identificado como maltrato e aquilo, novamente, que ten que ver coa fala: tanto deixar de falar a túa parella porque fixera algo que non che gustara, como deixar habitualmente á outra persoa coa palabra na boca. Trala intervención ambos ítems baixan considerablemente, o primeiro pasando dun 60% a ún 12,% e o segundo dun 33,3% a un 18,8%.

Dentro das melloras que podemos constatar aparecen de forma moi notoria a identificación de situacións de control, de posesividade e de humillacion.

O menor número de alumnxs deste aula e o grao de confianza que tiñan, permitiu que algunhas rapazas falaran de experiencias persoais polas que atravesaron ou estaban a atravesar nas súas relacións de parella.

Chamounos a atención que non tiveran ningunha pregunta que quixeran abordar na avaliación inicial.

Constatamos que aínda que a intervención foi favorable, precísase continuar traballando para que consigan interiorizar unha percepción da violencia axeitada, que lles permita facer cambios reais na súa vida cotiá. O discurso, en moitas ocasións parecía o correcto, pero á hora de abordar determinadas cuestións nas súas relacións de parella, víamos que continuaban a existir dificultades.